



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE  
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE  
Dirección Xeral de  
Desenvolvemento Sostible

**METEOGALICIA**

*Informe climatolóxico*

*Mes de marzo 2009*

# **INFORME CLIMATOLÓXICO**

## **MES DE MARZO 2009**



## 1.- Resumo

### **Mes seco, con temperaturas diúrnas superiores ós valores normais do mes.**

O mes de marzo estivo caracterizado en Galicia pola persistencia de situacións anticiclónicas, e unicamente se rexistrou a chegada de dúas borrascas ó principio e ó final do mes. Desta forma o mes comezou coa chegada dunha primeira fronte con pouca actividade, que deixou o día 1 un aumento de nubes e algunhas chuvias de carácter feble na metade norte. A partir desa chegada vivíronse 5 días con certa inestabilidade, destacando as xornadas do 4 e do 5, cunha entrada de aire polar marítimo, que deixou un tempo moi inestable, con fortes ventos do noroeste e neve por debaixo dos 1000 metros de altura. A partir do día 7 as altas presións foron entrando en Galicia ata situarse ó norte da península Ibérica o día 10, deixando unha situación de estabilidade, que se prolongou ata o día 27, sen interrupcións. O tempo foi polo tanto seco e soleado en todo este período. As temperaturas mínimas foron baixas debido á longa duración das noites no final de inverno, pero as máximas foron subindo progresivamente. Dada a situación xeográfica das altas presións, na semana entre o 16 e o 22 achegouse a Galicia unha masa de aire do norte de África que fixo subir os termómetros por riba dos 25°C, aproximándose ós valores máis altos rexistrados nos rexistros históricos do mes de marzo. Ademais entre o 17 e o 19 Ourense capital marcou as temperaturas máis altas de toda Europa, con rexistros superiores ós 28°C. Esta situación anticiclónica rematou bruscamente o día 28 coa chegada dunha masa de aire marítimo procedente do Ártico, que deixou un descenso de temperaturas superior nalgún caso ós 10°C, chuvias intensas soamente no norte de Lugo e levou a cota de neve novamente por debaixo dos 1000 metros. Nos derradeiros dous días do mes a situación foi novamente anticiclónica, predominando polo tanto os ceos despexados, pero con temperaturas baixas.

### **Chuvia**

Neste mes soamente se rexistraron chuvias na primeira semana e na derradeira fin de semana. Os dou episodios de chuvia estiveron marcados por chegadas de aire frío procedente de zonas polares, de xeito que as chuvias non foron moi intensas, rexistrándose valores de consideración soamente no norte de A Coruña e no norte e zonas de montaña de Lugo. Isto configura un mes seco en xeral, e moi seco en moitos puntos, principalmente da metade sur.

### **Temperatura**

As temperaturas medias deste mes veñen marcadas pola persistencia do anticiclón ó norte da península Ibérica. Esta situación deixa temperaturas nocturnas baixas, posto que os ceos quedan despexados, principalmente ó comezo da situación anticiclónica. A situación das altas presións propiciou a chegada de aire cálido e seco procedente do sur e isto fixo que as máximas fosen subindo, rexistrando valores moi altos principalmente na terceira semana do mes, cando se superaron en xeral os 25°C.



## 2.- Táboas de datos

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da CMA (CIS Ferrol, Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense-Ciencias) cos valores climáticos para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-estación completa/ Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións do INM, e Lourizán, da CMA), no período 1973-2003.

O valor climático corresponde co promedio destes 31 anos, para o mes considerado. Móstrase tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou:

As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou l/m<sup>2</sup>).

### CIS FERROL

|                         | MARZO 2009    | VALORES CLIMÁTICOS | valor máximo da serie | valor mínimo da serie |
|-------------------------|---------------|--------------------|-----------------------|-----------------------|
| Tª media                | 11.7          | 12                 | 15 (1997)             | 9.7 (1984)            |
| Tª mínima media         | 7.1           | 8.8                | 10.8 (2001)           | 6.6 (1984)            |
| Tª mínima absoluta      | 2.9(día 30)   | 0.6 (1/3/1993)     |                       |                       |
| Tª máxima media         | 17.1          | 15.2               | 19.4 (1997)           | 12.6 (1975)           |
| Tª máxima absoluta      | 26.9 (día 16) | 26.6 (23/3/2002)   |                       |                       |
| Precipitación acumulada | 44            | 59-85              | 262 (2001)            | 0 (1997)              |
| Días de chuvia          | 9             | 12                 |                       |                       |

#### Comentario:

*Temperaturas baixas inferiores ao valor medio nas mínimas e superiores ao valor máximo nas máximas. A temperatura media acadou valores normais. A chuvia acumulada foi moi inferior ao agardado. Isto se reflicte tamén nos días chuvia, polo que o mes pode considerarse seco*



## SANTIAGO

|                         | MARZO 2009    | VALORES CLIMÁTICOS * | valor máximo da serie | valor mínimo da serie |
|-------------------------|---------------|----------------------|-----------------------|-----------------------|
| Tª media                | 11.0          | 11.3                 | 14.7 (1997)           | 8.4 (1984)            |
| Tª mínima media         | 5.5           | 6.5                  | 9.1 (2001)            | 3.5 (1984)            |
| Tª mínima absoluta      | 2.1 (día 30)  | -1.5 (17/3/84)       |                       |                       |
| Tª máxima media         | 17.7          | 16.2                 | 22.1 (1997)           | 13.1 (1985)           |
| Tª máxima absoluta      | 26.6 (día 16) | 28.6 (23 y 24/3/02)  |                       |                       |
| Precipitación acumulada | 29            | 83-147               | 637 (2001)            | 0 (1997)              |
| Días de chuvia          | 6             | 12                   |                       |                       |

### Comentario:

*Temperaturas inferiores aos valores medio no caso das mínimas e superiores aos valores agardados no caso das máximas.\*\*. A temperatura media quedou en valores normais. A chuvia acumulada é moi inferior aos valores normais, o mesmo ocorre cos días de chuvia, polo que o mes pode considerarse moi seco.*

\* valores climáticos calculados excepcionalmente nesta serie dende 1982

\*\* hai que ter en conta que os valores climáticos cos que se comparan os datos desta estación foron obtidos cun período máis cálido que o do resto dos casos (1973-2003), polo que a diferenza neste caso está algo sobreestimada

## LUGO

|                         | MARZO 2009    | VALORES CLIMÁTICOS   | valor máximo da serie | valor mínimo da serie |
|-------------------------|---------------|----------------------|-----------------------|-----------------------|
| Tª media                | 9.0           | 9.3                  | 13.1 (1997)           | 6.1 (1984)            |
| Tª mínima media         | 2.2           | 4.2                  | 7.9 (1994)            | 1.1 (1973)            |
| Tª mínima absoluta      | -2.5 (día 31) | -6.0 (9/3/1973)      |                       |                       |
| Tª máxima media         | 16.9          | 14.4                 | 21.9 (1997)           | 10.5 (1984)           |
| Tª máxima absoluta      | 25.8 (día 17) | 27 (9/3/00; 23/3/02) |                       |                       |
| Precipitación acumulada | 36            | 51-77                | 262 (2001)            | 0 (1997)              |
| Días de chuvia          | 5             | 11                   |                       |                       |

### Comentario:

*Temperaturas mínimas inferiores ás agardadas e temperaturas máximas superiores. A temperatura media acadou valores normais. Tanto a chuvia acumulada como o número de días de chuvia foron inferiores aos agardados, polo que o mes pode considerarse seco.*



### PONTEVEDRA (LOURIZÁN)

|                         | MARZO 2009    | VALORES CLIMÁTICOS | valor máximo da serie | valor mínimo da serie |
|-------------------------|---------------|--------------------|-----------------------|-----------------------|
| Tª media                | 12.6          | 11.7               | 14.5 (1997)           | 9.3 (1975)            |
| Tª mínima media         | 6.6           | 6.3                | 9.3 (2001)            | 4.3 (1984)            |
| Tª mínima absoluta      | 3.1 (día 10)  | -1.6 (1/3/1993)    |                       |                       |
| Tª máxima media         | 20.1          | 17.0               | 22.6 (1997)           | 13.6 (1975)           |
| Tª máxima absoluta      | 27.4 (día 16) | 28 (23/3/2002)     |                       |                       |
| Precipitación acumulada | 33            | 95-164             | 571 (2001)            | 0 (1997)              |
| Días de chuvia          | 4             | 12                 |                       |                       |

Comentario:

*As temperaturas mínimas e especialmente as máximas teñen valores superiores ao agardado. O mes pode considerarse cálido, debido principalmente ao efecto das máximas. A chuvia acumulada e os días de chuvia están moi por debaixo do agardado polo que o mes pode considerarse moi seco.*

### OURENSE

|                         | MARZO 2009    | VALORES CLIMÁTICOS | valor máximo da serie | valor mínimo da serie |
|-------------------------|---------------|--------------------|-----------------------|-----------------------|
| Tª media                | 12.2          | 11.5               | 14.8 (1997)           | 8.5 (1975,1984)       |
| Tª mínima media         | 5.0           | 4.9                | 9.3 (2001)            | 0.6 (1973)            |
| Tª mínima absoluta      | 1.1 (día 3)   | -4.0 (9 y 10/3/73) |                       |                       |
| Tª máxima media         | 20.9          | 18.1               | 25.4 (1997)           | 13.6 (1975)           |
| Tª máxima absoluta      | 28.1 (día 17) | 30.6 (23/03/2002)  |                       |                       |
| Precipitación acumulada | 14            | 47-63              | 298 (2001)            | 0 (1997)              |
| Días de chuvia          | 5             | 9                  |                       |                       |

Comentario:


*Mes cálido respecto ás temperaturas mínimas e especialmente as máximas, bastante máis altas do agardado. A chuvia acumulada é moi inferior ao rango normal de valores do mes de marzo, esto mesmo se reflicte nos días de chuvia, polo que o mes pode considerarse moi seco.*



### 3.- Mapas

#### 3.1.- Anomalías de presión en superficie


**Anomalías de presión en superficie.**  
**Mes de Marzo 2009**






### 3.2.- Anomalías de xeopotencial a 500 hPa

**Anomalías de xeopotencial en 500 hPa.**  
**Mes de Marzo 2009**





### 3.3.- Temperatura media das máximas



Tmáx -- 03/2009


www.meteogalicia.es







**3.5.- Choiva acumulada (litros/m<sup>2</sup>)**



Chuvia -- 03/2009

www.meteogalicia.es